

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR E O CONCELLO DE SOBRADO PARA O FINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ANTIGA ESCOLA DE SOBRADO PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE DÍA DO CONCELLO DE SOBRADO, EN DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE INVESTIMENTOS PARA A CONSTRUCCIÓN, REFORMA OU AMPLIACIÓN DE EQUIPAMENTOS SOCIAIS PÚBLICOS MUNICIPAIS, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NOS EXERCICIOS 2024 E 2025**

## **REUNIDOS**

### **Dunha parte:**

D. Perfecto Rodríguez Muíños, actuando en representación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, na súa condición de xerente, segundo nomeamento do seu Comité Directivo do 12.11.2015 (DOG núm. 221, do 19 de novembro), e mediante delegación de competencias do 9.9.2022 (DOG núm. 180, do 21.9.2022), da Presidenta do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, en virtude do previsto no artigo 13 dos Estatutos do Consorcio (DOG núm. 131, do 07.07.2006) de conformidade coas atribucións que lle encomendan os artigos 18 e demais concordantes dos referidos estatutos.

### **Doutra parte:**

D. Luis Lisardo Santos Ares, actuando en representación do Concello de Sobrado, en virtude da súa condición de Alcalde Presidente da citada Corporación, segundo o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 61 da Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

## **EXPOÑEN**



I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, creado en virtude do convenio de colaboración subscrito entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e os Concellos, o día 3 de xullo de 2006, de acordo co artigo 6 dos seus estatutos, publicados no DOG do 7 de xullo de 2006, ten como misión primordial a participación na dirección, avaliación e control da xestión dos servizos sociais de ámbito local, (centros de prestación de servizos sociais de atención especializada e tamén centros de prestación de servizos sociais de atención primaria “cando así o solicite o concello interesado”), con atención especial á xestión integral das Escolas Infantís de titularidade municipal, no ámbito territorial dos entes consorciados.

Que o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar nace así, de acordo ás súas finalidades e competencias, co obxecto de implantar un modelo homoxéneo de prestación de servizos sociais e desta maneira:

- Garantir o acceso de todos os galegos e galegas a uns servizos sociais públicos de calidade, a través dunha oferta de recursos suficiente e equilibrada territorialmente;
- Incrementar os niveis de cobertura, intensidade e calidade de atención dos distintos servizos e prestacións;
- Realizar unha distribución efectiva dos servizos e prestacións a fin de dar resposta ás necesidades reais da poboación, asignando equitativamente o uso e acceso aos recursos sociais dispoñibles, a través de procesos de planificación previa, e tendo como principio de actuación o mantemento das persoas no seu contorno propio.

III. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten atribuídas en exclusiva as competencias en materia de asistencia social de acordo co artigo 148.1.20 da Constitución Española e de conformidade co artigo 27.23 do seu Estatuto de Autonomía.

No exercicio desta competencia exclusiva foi aprobada a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que lle atribúe á Administración Autonómica a planificación,



ordenación e coordinación das políticas autonómicas de benestar e, entre elas, as referidas á atención ás persoas maiores e ás persoas en situación de dependencia.

**IV.** Que na Comunidade Autónoma de Galicia, o departamento encargado da planificación, ordenación e coordinación das políticas referidas á atención ás persoas maiores en situación de dependencia correspóndelle á Consellería de Política Social e Igualdade, en virtude do Decreto 139/2024, do 20 de maio (DOG núm.101, do 27 de maio), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade.

**V.** Que de acordo co artigo 60 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, en relación co disposto nos artigos 10 a 13 deste mesmo texto legal, os concellos teñen atribuídas a creación, a xestión e o mantemento dos servizos sociais comunitarios, tanto básicos como específicos, aínda que o artigo 59.i) tamén atribúe á Xunta de Galicia a creación, mantemento e xestión dos centros e programas dos servizos sociais comunitarios específicos que, pola súa natureza, ámbito supramunicipal ou outras circunstancias, debidamente xustificadas no marco do Plan estratéxico de servizos sociais, asuma a Xunta de Galicia.

**VI.** Que a propia Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, establece no seu artigo 64 e 64 bis que a Xunta de Galicia promoverá unha efectiva coordinación e cooperación cos concellos co fin de asegurar a calidade e cunha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio, especialmente no que atinxe á creación e ao mantemento de servizos sociais comunitarios específicos. Esta coordinación poderá levarse a cabo a través de fórmulas xurídicas adecuadas para tal fin, como as fórmulas de cooperación interadministrativa de natureza consorcial. Para estes efectos, a disposición adicional segunda da devandita lei fai referencia expresa ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para o cumprimento deses obxectivos, ao estipular que o Consorcio promoverá a coordinación e cooperación efectiva cos concellos galegos co fin de asegurar unha cobertura equilibrada dos servizos sociais en todo o territorio de Galicia.

**VII.** Que segundo o artigo 25.2 do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento (DOG núm. 63, do 30 de marzo), os servizos sociais comunitarios específicos actuarán como servizos de proximidade no medio vital das persoas destinatarias, favorecendo o mantemento dos seus vínculos familiares e comunitarios, a súa autonomía e calidade de vida.



No marco establecido no artigo 13 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, as funcións dos servizos sociais comunitarios específicos son, entre outras, consonte o previsto no artigo 26 e) do Decreto 99/2012, de 26 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e seu financiamento, a atención de persoas maiores en equipamentos que faciliten a súa socialización activa, a prevención da dependencia e a promoción da autonomía persoal.

**VIII.** Que segundo o previsto no artigo 7.d) dos Estatutos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (DOG núm. 131, do 7 de xullo de 2006), no cumprimento dos seus fins, o Consorcio exercerá, en todo caso, e no ámbito territorial dos entes consorciados, como competencia específica, a determinación e/ou execución, en colaboración cos concellos, se é o caso, das obras de construción, mellora, reforma ou adaptación de instalacións que poidan ser necesarias para a prestación de servizos.

**IX.** O Consello Europeo aprobou o 21 de xullo de 2020 a creación do instrumento financeiro NextGenerationEU, como instrumento de estímulo económico en resposta á crise causada polo Corona virus.

O 10 de novembro de 2020, o Parlamento Europeo e o Consello alcanzaron o acordo sobre o paquete de medidas que inclúe os fondos de NextGenerationEU e o Marco Financeiro Plurianual 2021-2027, creándose o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, como instrumento de apoio aos Estados membros a través de transferencias directas e préstamos para incrementar os investimentos públicos e acometer reformas para paliar os devastadores danos producidos pola COVID-19.

O Regulamento (UE) no 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de recuperación e resiliencia, sinala que os Estados membros elaborarán plans de recuperación e resiliencia nacionais para acollerse a este e alcanzar os obxectivos establecidos e presentarse formalmente polos Estados, como moi tarde o 30 de abril de 2021.

En virtude da Resolución da Subsecretaría de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital do 29 de abril de 2021, publícase o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de



Recuperación, Transformación e Resiliencia, que define as estratexias a seguir no desenvolvemento dos fondos europeos de recuperación.

As medidas que recolle o dito plan cumpren cos seis piares establecidos polo antedito Regulamento da UE no 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e articúlase ao redor de catro eixes principais: a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero. Estes catro eixes de traballo desenvólvense a través de dez políticas panca que integran trinta compoñentes ou liñas de acción, para contribuír a alcanzar os obxectivos xerais do plan.

O Plan de Recuperación articula unha axenda coherente de reformas estruturais que responden ao diagnóstico compartido polas institucións europeas, o goberno español e os principais axentes económicos e sociais, en ámbitos clave para reforzar a estrutura económica e social do país; concretamente, no ámbito dos servizos sociais, aquelas necesarias para a implantación dun estado de benestar moderno que protexa aos cidadáns, garanta o coidado das persoas destinatarias, reforce os ditos servizos sociais e proporcione oportunidades vitais ás novas xeracións.

**X.** O Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia aprobou, con data do 30 de abril de 2021, o Acordo para a distribución dos créditos para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 relativo á "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No seo deste acordo, con data do 27 de agosto de 2021 o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia asinaron o Convenio de colaboración para a execución de proxectos con cargo aos Fondos Europeos procedentes do mecanismo para a recuperación e resiliencia, dentro do eixo de "Economía de coidados e reforzo de políticas de igualdade inclusión" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

No marco deste convenio foron acordados os proxectos a executar por parte da Comunidade Autónoma de Galicia con cargo aos fondos europeos procedentes do



mecanismo de recuperación e resiliencia, os fitos e obxectivos dos mesmos, así como as achegas necesarias para o financiamento de cada un deles. O dito acordo prevé na súa cláusula 6º a participación das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia, para o cal, a Comunidade Autónoma de Galicia, consonte o apartado 2º desta cláusula, *"establecerá coas entidades locais do seu territorio os instrumentos de colaboración adecuados, de acordo coa realidade institucional de cada caso"*.

Dentro dos anteditos proxectos inclúese, no anexo III do devandito convenio, a transformación da rede de coidados de larga duración a través da construción, adquisición, reforma e modernización de equipamentos. En concreto, na liña C22.I1 - Compoñente 22 "Plan de choque para a economía dos coidados e Reforzo das políticas de igualdade e inclusión" e investimento I.1 "Plan de apoios e coidados de longa duración: desinstitucionalización, equipamentos e tecnoloxía" - recóllese o Plan de investimentos para construír, reformar ou ampliar equipamentos sociais públicos municipais, que contempla un conxunto de investimentos de centros públicos municipais (residencias, centros de día, vivendas comunitarias ou centros sociais) para favorecer os apoios e coidados de proximidade con recursos adaptados ao novo modelo asistencial, centrado na persoa. Preténdese así fortalecer a rede de centros de menor tamaño e maior proximidade en zonas rurais que carecen deste tipo de equipamentos, garantindo así a participación das persoas usuarias en actividades da vida cotiá e a súa interacción social un entorno de proximidade.

Estas iniciativas serán financiadas, tal e como se recolle no referido anexo, a través de convenios coas entidades locais, responsables dos devanditos espazos, que serán os encargados de executar os investimentos.

**XI.** No marco do convenio asinado pola Comunidade Autónoma de Galicia co Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2020 con data do 27 de agosto de 2021, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron, con data do 1.3.2022, o Acordo Marco para o desenvolvemento do plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais, con cargo aos



fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia, prorrogado en virtude de acordo do 19.12.2023.

Para a selección dos proxectos presentados polos concellos susceptibles de ser financiados a través do referido plan de investimentos, de conformidade co previsto no apartado 2º da cláusula 4ª do acordo marco asinado o 1.3.2022, tivéronse en conta os criterios seguintes:

1º.- Concellos de menos de 20.000 habitantes, entre os que se dará prioridade aos de menor poboación.

2º.- Concellos que carezan doutros recursos das mesmas características.

3º.- Viabilidade técnica e económica para a posta en funcionamento dos centros.

**XII.** O Concello de Sobrado adheriuse ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por medio de convenio asinado o 12.1.2007.

**XIII.** O proxecto presentado polo Concello de Sobrado para o financiamento das obras de rehabilitación da antiga escola de Sobrado para a construción dun Centro de Día no Concello de Sobrado, foi seleccionado para o seu financiamento ao abeiro do acordo marco asinado entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e a FEGAMP, de conformidade cos criterios anteriormente expostos, cumprindo así o obxectivo de favorecer os apoios e coidados de proximidade con recursos adaptados ao novo modelo asistencial, centrado na persoa, e fortalecendo deste xeito a rede de centros de menor tamaño e maior proximidade en zonas rurais que carecen deste tipo de equipamentos, garantindo así a participación das persoas usuarias en actividades da vida cotiá e a súa interacción social un entorno de proximidade.

**XIV.** Por todo o exposto, existe un evidente interese público de colaborar no desenvolvemento da actuación descrita, considerando o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar que a necesidade destas actuacións e o interese común de dar resposta á necesidade de dotar ao Concello de Sobrado dun recurso asistencial que posibilita unha adecuada atención ás persoas maiores que carecen dun equipamento destas características, constitúe o motivo que xustifica o outorgamento desta axuda de carácter singular, baseándose no disposto nos artigos 19.4 e 26º.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sendo o convenio o instrumento xurídico adecuado para canalizar esta subvención, de conformidade co previsto no artigo 49.7 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.



De conformidade co anterior, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para o financiamento das obras de rehabilitación da antiga escola de Sobrado para a construción dun Centro de Día do Concello de Sobrado, de acordo coas seguintes

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA. Obxecto**

O obxecto deste convenio é o de establecer as bases de colaboración entre as partes que o asinan para o financiamento das obras de financiamento da reforma do Colexio Vello de Sobrado para a construción dun Centro de Día do Concello de Sobrado, de 25 prazas, no lugar de Santiago do Campo s/n, en Santa María de Sobrado dos Monxes, no Concello de Sobrado.

Para este financiamento o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar realizará unha contribución máxima de 348.572,37 euros, e as cantidades executadas que excedan da achega do Consorcio serán por conta do Concello de Sobrado.

#### **SEGUNDA. Orzamento e gastos obxecto de financiamento**

1. Para o financiamento do investimento obxecto deste convenio, o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar comprométese a achegar ao Concello de Sobrado a cantidade máxima de 348.572,37 euros, durante os anos 2024 e 2025, con cargo á partida orzamentaria 11.90.311A.7600, proxecto 2022-0001, do orzamento de gastos do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, no marco do "Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia- Financiado pola Unión Europea – Next Generation EU", e coa seguinte distribución de anualidades:

2024- 174.286,19 euros.



2025.- 174.286,19 euros.

2. Considéranse actuacións obxecto de financiamento os gastos derivados da execución do proxecto de investimento consistente na rehabilitación da antiga escola de Sobrado para a construción dun Centro de Día do Concello de Sobrado, de 25 prazas, no lugar de Santiago do Campo s/n, en Santa María de Sobrado dos Monxes, no Concello de Sobrado.

En concreto, serán subvencionables as seguintes actuacións:

- a) Acondicionamento e urbanización do inmovible.
- b) Obras de construción do inmovible e obras de reforma que impliquen a modernización, a mellora, a remodelación ou adaptación do inmovible.
- c) Adquisición e mellora de bens de equipamento precisos para o desenvolvemento da actividade.
- d) Gastos de honorarios profesionais derivados de elaboración de anteprojectos e/ou proxectos de obra, estudos de viabilidade, memorias técnicas e outros similares relacionados coa actuación subvencionable.
- e) Gastos de honorarios profesionais en concepto de dirección de obra e/ou de coordinación de seguridade e saúde e outros similares relacionados coa actuación subvencionable.

Nos supostos das letras a), b), d) e e), o importe total dos gastos xerais (tales como honorarios de arquitectos e enxeñeiros) non poderá superar en todo caso o 12 % do importe total da subvención concedida.



Considerarase subvencionable o imposto sobre o valor engadido (IVE) cando non sexa recuperable pola entidade solicitante.

3. Non serán subvencionables os gastos aos que se refire o artigo 29.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, como non subvencionables.

### **TERCEIRA. Marco normativo de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia**

O marco normativo básico reitor deste instrumento relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europa-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, do 14 de decembro, polo que se establece o Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.

Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MMR).

Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) de España (aprobado o 16.6.2021 por Decisión do Consello de Europa).

Real Decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban as medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR.

Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, polo que se configura o sistema de xestión do PRTR.

Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, polo que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



## **CUARTA.- Obrigas do Concello**

Ademais das obrigas recollidas nos artigos 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa aplicable, o Concello de Sobrado está obrigado a:

a) Executar e acreditar a realización da actuación obxecto de financiamento. En todo caso, o Concello deberá acreditar, ademais, ter licitada a actuación obxecto de financiamento a 31 de decembro de 2024.

b) Coa actuación obxecto de financiamento o Concello de Sobrado deberá acreditar a creación de 25 prazas de Centro de Día, adaptadas ao novo modelo de coidados de longa duración, centrado na persoa, en cumprimento dos fitos e obxectivos previstos no marco do Plan de investimentos para construír, reformar ou ampliar equipamentos sociais públicos municipais, ao abeiro do establecido no *Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia*, asinado con data do 27 de agosto de 2021. O que contribuirá ao cumprimento do Obxectivo CID número 323, consistente na renovación ou construción de centros residenciais, non residenciais e de día para adaptar ao menos 15.200 prazas ao novo modelo de coidados de longa duración en España.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que se efectúen así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o cal achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

A concesión da axuda verase condicionada ao compromiso escrito da concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e as autoridades nacionais competentes exerzan as súas competencias de control, de acordo co previsto no artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, e no artigo 129.1 do Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018 («Regulamento Financeiro»).



d) Comunicarlle ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar calquera modificación das condicións tidas en conta para a obtención do financiamento, así como dos compromisos e obrigas asumidos polo Concello de Sobrado e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberase efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación aplicable ao concello en cada caso coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control do gasto polos organismos correspondentes.

f) Manter un sistema de contabilidade separado ou un código contable adecuado en relación con todas as transaccións relacionadas cos gastos subvencionados, sen prexuízo das normas da contabilidade que resulten de aplicación, que permita seguir unha pista de auditoría sobre os conceptos financiados con cargo ao presente convenio e a obriga do mantemento da documentación soporte. O soporte da documentación realizarase nos termos que estableza o Ministerio de Facenda de conformidade coa normativa nacional e da Unión Europea, mantendo os requisitos de pista de auditoría de conformidade co artigo 22.2 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro e o artigo 8 da Orde HFP/1030/2021.

g) Cumprimentar as declaracións responsables que se recollen como Anexo IV.B (para a cesión e o tratamento de datos en relación coa execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia) e Anexo IV.C (compromiso en relación coa execución de actuacións do dito Plan) da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

h) Establecer mecanismos que aseguren que as actuacións que desenvolvan terceiros, subcontratacións, contribúen ao logro das actuacións previstas e que os devanditos terceiros acheguen a información que, se é o caso, sexa necesaria para determinar o valor dos indicadores de seguimento do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

Así mesmo, a entidade beneficiaria da axuda deberá prever mecanismos para asegurar que os contratistas ou subcontratistas cumpran co principio de «non causar un prexuízo significativo» aos seis obxectivos ambientais no sentido do artigo 17 do Regulamento 2020/852 relativo ao



establecemento dun marco para facilitar os investimentos sustentables e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088). Ademais, os contratistas ou subcontratistas deberán cumprir cos principios transversais de xestión establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

i) As actuacións obxecto de financiamento deberán obter as correspondentes autorizacións establecidas no Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, así como permanecer destinados ao fin concreto para o que se concedeu a subvención por un período non inferior a 5 anos dende o pagamento final á entidade beneficiaria, tal e como recolle o artigo 29.4.<sup>a</sup>) da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Tamén deberán contar coas demais autorizacións sectoriais procedentes. O incumprimento disto dará lugar á revogación de concesión da concesión do importe previsto a través deste convenio, ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia dos xuros de demora legalmente establecidos desde o momento do pagamento da subvención.

j) Dar cumprimento á obriga da adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do disposto no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, deben cumprir coas obrigas de información e publicidade que as autoridades competentes establezan relativas ao financiamento do Mecanismo de recuperación e resiliencia.

En particular, estarán obrigadas a:

1º. Incorporar nun lugar visible do inmovible unha referencia expresa a que a construción ou reforma foi financiada pola Xunta de Galicia. Esta información debe levar o logotipo oficial da Xunta de Galicia previsto no manual de identidade corporativa (<http://www.xunta.gal/identidade-corporativa/descarga-do-manual>).

2º. Destacar, nas actividades que realice, nos materiais que reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do proxecto, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, de conformidade co establecido no "Manual de imagen Institucional de la Administración General



del Estado" e a "Guía para a edición e publicación de páxinas web na Administración Xeral do Estado".

3º. Consonte as previsións esixidas polo artigo 9 da Orde HFP/1030/2021, en todos os proxectos e subproxectos que se desenvolvan en execución do PRTR deberá exhibirse de forma correcta e destacada o emblema da UE cunha declaración de financiación adecuada que diga "financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", xunto ao logo do PRTR dispoñible na ligazón <https://planderecuperacion.gob.es/identidad-visual>. Asemade, no tocante ás obrigas dos destinatarios finais da financiación, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241, no que se establece que os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe desta financiación e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiación adecuada que indique "financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

Todos os carteis e placas deberán colocarse nun lugar ben visible de acceso ao público.

k) Facilitar toda a información que lles requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

l) Asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no seu ámbito de xestión, e asegurar a adopción de medidas dirixidas a previr, detectar, comunicar e corrixir o fraude, a corrupción e previr o conflito de intereses e o dobre financiamento.

m) Respetar o principio de <<non causar un prexuízo significativo>> que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021 e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 (Regulamento de taxonomía da UE).

n) Contribuír ao correcto funcionamento da Base de Datos Nacional de Subvencións en cumprimento do disposto na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, como ferramenta de consulta no procedemento de concesión de axudas, cumprindo adecuadamente coas obrigas de subministración de información a esta (Real decreto 130/2019, do 8 de marzo).



ñ) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, total ou parcialmente, no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión ou nos supostos previstos no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

o) Conservación da documentación: De conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, é preceptivo conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo, ou, a falta deste pago, da operación. Este período será de 3 anos se o financiamento é dun importe inferior ou igual a 60.000 euros.

## **QUINTA. Xustificación e pagamento**

Respecto da forma de pagamento e no que atinxe á xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo estarase ao establecido nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

O Concello deberá presentar a documentación xustificativa dos gastos de execución das actuacións realizadas ao abeiro do presente convenio na data límite do 10 de decembro de cada ano, podendo ser obxecto de financiamento ao abeiro do presente convenio as actuacións executadas a partir do 1 de xaneiro de 2024.

O Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar efectuará o pagamento das contías comprometidas en favor do Concello, unha vez que o concello teña contabilizado o recoñecemento das obrigas polo órgano competente da entidade local. Para o cal, con carácter preferente, deberá achegar as facturas referentes ao gasto realizado para a execución deste investimento, que deberán ir acompañadas dunha certificación expedida polo órgano correspondente da corporación local beneficiaria, acreditativa da súa aprobación polo órgano competente.

Ao abeiro do previsto no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos artigos 62 e 63 do regulamento que a desenvolve, aprobado por Decreto 11/2009, do 8 de



xaneiro, poderanse efectuar pagamentos anticipados e pagamentos á conta (pagamentos fraccionados que responden ao ritmo de execución das accións subvencionadas) a favor do Concello. Os pagamentos anticipados poderán chegar ata o 50% do importe do convenio sen que se supere a anualidade prevista no convenio. O importe conxunto dos pagamentos á conta e dos pagamentos anticipados que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá a anualidade prevista. En todo caso, con carácter previo a calquera pagamento, deberá achegarse polo Concello declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os pagamentos á conta efectuaranse contra xustificantes de gasto (facturas) acreditativos dos gastos de execución do investimento subvencionado, aos que deberán xuntar certificación do órgano que teña atribuídas na devandita entidade as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, así como unha declaración de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia. Aos efectos do previsto no artigo 45 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o Concello deberá presentar estes xustificantes ante o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, sendo a data límite para a xustificación dos gastos o 10 de decembro de cada exercicio orzamentario.

A porcentaxe da subvención pendente de aboar, tras os pagamentos anticipados e á conta, será satisfeita cando o concello achegue xustificantes de gasto e certificación do órgano que teña atribuídas na dita entidade as correspondentes facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida que acaden un importe igual ou superior ao total da contía subvencionada.

En todo caso, como xustificación final da subvención e como requisito para a tramitación do derradeiro pagamento, o Concello deberá achegar a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma.



Coa documentación xustificativa acreditativa de cada un dos pagamentos, a corporación local deberá indicar expresamente que se está a presentar unha xustificación parcial ou final e a solicitar, en consecuencia, o correspondente pagamento parcial ou final, do investimento.

Coa conta xustificativa da subvención, ademais da documentación indicada nos puntos anteriores, a corporación local deberá presentar a documentación á que fai referencia o artigo 28 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así como o artigo 48 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Igualmente, de ser o caso, deberá presentar os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A corporación local tamén estará obrigada a achegar toda a documentación xustificativa que se lle requira, correspondente ao investimento obxecto deste convenio, para a súa xustificación.

A contía concedida á corporación local, en virtude deste convenio de colaboración, para financiar a execución do investimento, será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, tendo en conta que o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, segundo o establecido no artigo 17.2 e 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que o Concello non cumpra coas condicións establecidas neste convenio de colaboración para obter o financiamento para a execución do investimento, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente, dende o momento do pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos supostos e na forma establecidos no artigo 33 a 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

## **SEXTA. Compatibilidade con outras axudas e ausencia de dobre financiamento**

1. A percepción do importe previsto ao abeiro do presente convenio é compatible con outras subvencións, axudas e ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra Administración ou ente público ou privado.



A estes efectos estarase ao disposto no artigo 7 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. En consecuencia, as axudas deben respectar o principio de adicionalidade e a necesidade de establecer mecanismos que eviten o dobre o financiamento, de maneira que os investimentos financiados con fondos MMR poderán recibir axudas doutros programas e instrumentos da Unión, sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo, e en todo caso de conformidade co disposto no Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do Parlamento Europeo e do Consello, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento Xeral da Unión (Regulamento Financeiro). Polo tanto, esta subvención é incompatible con calquera outra fonte de financiamento europea para os mesmos resultados.

2. No caso de percibírense outras axudas, deberase acreditar documentalmente a súa natureza e contía, así como calquera circunstancia que poida afectar substancialmente a execución das actuacións. A comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

3. En ningún caso o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas supere o custo do proxecto subvencionado. En caso contrario, esta subvención reducirase na cantidade necesaria ata conseguir o cumprimento do establecido anteriormente.

### **SÉTIMA. Vixencia do convenio**

Este convenio terá vixencia desde a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025 e financiará os gastos realizados desde o 1 de xaneiro de 2024 nas condicións establecidas na cláusula quinta. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga, que deberá ser expresa, atendendo ao desenvolvemento da execución das actuacións obxecto de financiamento e ao cumprimento dos fitos e obxectivos previstos no marco do establecido no *Convenio de Colaboración entre o Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do mecanismo de recuperación e resiliencia*, asinado con data do 27 de agosto de 2021, e de conformidade co disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

### **OITAVA. Compromiso de non causar dano significativo**

1. A entidade beneficiaria da subvención concedida a través deste convenio deberá garantir o pleno cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no



significant harm-DNSH») e a etiquetaxe climática e dixital, de acordo co previsto no Plan de recuperación, transformación e resiliencia, na Decisión de Execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España (Council Implementing Decision-CID), do 13 de xullo de 2021, e no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, así como na súa normativa de desenvolvemento, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos e de maneira individual para cada actuación.

O proxecto contribúe á consecución dos obxectivos medioambientais asumidos pola Unión Europea e por España (a través do seu Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima- PNIEC). En particular, as reformas e investimentos propostos contribúen nun 100% ao obxectivo de integración do clima e nun 40%, ao obxectivo medioambiental, segundo define o ámbito de intervención 026 Renovación da eficiencia enerxética das infraestruturas públicas, proxectos de demostración e medidas de apoio do Anexo I do Regulamento 375/2018. Ademais, o proxecto respecta o principio de “non facer dano significativo” de acordo coa normativa europea recollida nos artigos 3, letra b), e 17 do Regulamento sobre taxonomía da UE. Isto permite asignar unha contribución do componente á transición dixital do 20.1%.

2. En todo caso a entidade beneficiaria preverá mecanismos de verificación do cumprimento do principio de «non causar prexuízo significativo» (principio «do no significant harm-DNSH») e medidas correctoras para asegurar a súa implementación, do que deixarán constancia na memoria xustificativa da subvención.

## **NOVENA. Modificación e resolución do convenio**

### **a) Modificación do convenio.**

As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula décima do presente convenio. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun instrumento que será asinado polas partes convenientes.

### **b) Resolución do convenio.**





Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de mora reportados dende o momento do seu pagamento, ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Así mesmo, serán causas de resolución as seguintes:

- A denuncia de calquera das partes formulada expresamente cunha antelación mínima dun mes.
- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento do seu obxecto e o incumprimento total ou parcial das cláusulas do presente convenio.
- Cando resulte inviable a realización das actuacións descritas no convenio por causas non imputables ás partes ou por se producir cambios normativos que afecten substancialmente ás disposicións vixentes a súa sinatura, que ampararon a súa subscripción.

Ademais disto, o incumprimento dos fins do convenio, a non realización das actuacións previstas, ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación.

## DÉCIMA. Comisión de seguimento

A vixilancia e seguimento do convenio encoméndase a unha comisión mixta integrada polo xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Alcalde do Concello de Sobrado, ou persoas en quen deleguen. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación da



actuacións financiadas ao abeiro do presente convenio e terá como funcións: A coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

Como órgano colexiado, esta comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **DÉCIMO PRIMEIRA. Medidas antifraude**

1. A detección de feitos que poidan ter sido constitutivos de fraude ou irregularidade en relación co proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco do convenio, serán comunicados ao Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA) da Intervención Xeral da Administración do Estado por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto: <https://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>, nos termos establecidos na Comunicación 1/2017 do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude, do 6 de abril, do citado servizo, sobre a forma en que poden proceder as persoas que teñan coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea. A detección de irregularidades pode implicar a aplicación de correccións financeiras e a solicitude de devolución dos importes percibidos indebidamente, tal como se establece no Regulamento (UE) nº 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e na Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro. Así mesmo, a Xunta de Galicia pon ao dispor da cidadanía unha canle de denuncias sobre irregularidades ou condutas de fraude, que terá a súa sede no Sistema integrado de atención á cidadanía (SIACI). A ligazón á canle de denuncias é o seguinte: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>.

2. Coa finalidade de dar cumprimento ás obrigas que o artigo 22 do Regulamento (UE) nº 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, impón a España en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión como beneficiaria dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, serán de aplicación ás actuacións deste convenio as



medidas contempladas no Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Consellería de Política Social e Igualdade que pode consultarse na seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/es/integridade-institucional/plans-antifraude>. Este plan permite garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes se utilizaron de conformidade coas normas aplicables, en particular no que se refire á prevención, á detección e á corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses, segundo o estipulado no artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 do 29 de setembro.

3. Ao tratarse dun convenio con beneficiario determinado xa coñecido aplícase o réxime xeral de conflito de interese da Orde HFP 1030/2021. Non obstante, os procedementos de adxudicación de contratos e de concesión de subvencións, que se poidan levar a cabo en virtude deste convenio, estarán sometidos á análise sistemática do risco de conflito de interese que regulan a DA 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, e a Orde HFP/55/2023, do 24 de xaneiro. Os pregos de contratación e a normativa reguladora da subvención vencellados ao PRTR deberán recoller unha cláusula do seguinte teor: Análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos de contratación/subvención que executan o PRTR.

## **DÉCIMO SEGUNDA. Protección de datos**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

## **DÉCIMO TERCEIRA. Publicidade**



O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

#### **DÉCIMO CUARTA. Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, na Orde HPF/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e na Orde HFP/2031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o formato da información a proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento dos fitos e obxectivos de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e pola restante normativa reguladora dos fondos NextGenerationEU.

O presente convenio queda excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de



Contratos do Sector Público, debendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas, en primeira instancia pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sexta deste convenio. Os conflitos que poidan xurdir entre as partes, e que non poidan resolverse no seo da devandita Comisión de Seguimento, someteranse á resolución da xurisdición contencioso- administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes asínano no lugar e data que a seguir se indica:

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O XERENTE DO CONSORCIO GALEGO  
DE SERVIZOS DE IGUALDADE  
E BENESTAR

O ALCALDE DO CONCELLO DE SOBRADO

D. Perfecto Rodríguez Muíños

D. Luis Lisardo Santos Ares

